

Plan económico financeiro da Rede Municipal de  
Comedores Escolares do Concello de Ames

**CONCELLO DE AMES**

Xavier Simón Fernández, profesor titular de Economía Aplicada

Francisco Xavier Martínez Cobas profesor titular de Economía financeira e Contabilidade

Universidade de Vigo

## **CONTIDO**

1. Resumo executivo e fundamentación
2. Datos económicos da prestación actual e previsión para 2020
3. Proxección da demanda
4. Proxección de ingresos e gastos. Plan económico financeiro
5. Consideracións para a subcontratación de partes do servizo
6. Informe preliminar do impacto climático do ciclo de vida dos comedores escolares

## **1. RESUMO EXECUTIVO E FUNDAMENTACIÓN**

O obxecto deste informe é a realización do estudo e plan económico financeiro (PEF) do servizo de comedores escolares no Concello de Ames.

Para a realización deste traballo, as principais fontes de información teñen sido os informes que obran en poder do Concello de Ames. Partimos tamén de información derivada da realización de múltiples estudos anteriores sobre prestación de servizos municipais e sobre comedores escolares públicos.

Este informe executivo consta das seguintes partes:

En primeiro lugar, preséntanse os datos da prestación de servizos actual, baseada nas certificacións efectivas do gasto realizado e noutra información dispoñible facilitada polo Concello de Ames.

En segundo lugar, preséntase unha proxección da evolución da demanda. Calculamos que a poboación infantil na idade da prestación chegará ao seu máximo neste anos e nos dous seguintes, descendendo posteriormente. Isto pode verse afectado por dous efectos: a recuperación económica, coa maior incorporación da poboación ao mercado laboral, e a posibilidade de novos efectos migratorios.

En terceiro lugar, preséntase a proxección do PEF da nova prestación, estimando de partida unha duración de dez anos. Traballamos sobre a base da estrutura de capacidade actual.

Por último, realízanse unha serie de propostas en relación á subcontratación actual de partes do servizo.

## 2.- DATOS ECONÓMICOS DA PRESTACIÓN ACTUAL E PREVISIÓN PARA 2020

### 2.1. Estimación de Gastos.-

A prestación do servizo actual recóllese no cadro nº1. Este cadro detalla as certificacións para os tres últimos cursos escolares completos realizadas polo Concello de Ames. Agregamos en cada curso escolar as dúas certificacións que se realizan por curso.

Cadro nº1.- Certificacións para a xustificación de gastos

CERTIFICACIÓNS	15-16	16-17	17-18
1.- GASTOS PERSOAL	337.040 €	356.306 €	364.356 €
2.- GASTOS ELABORACIÓN MENÚS	224.462 €	174.740 €	236.796 €
3.- GASTOS CORRENTES	51.644 €	39.462 €	69.639 €
4.- GASTOS VIXIANZA	508.856 €	471.732 €	593.576 €
<i>Total</i>	1.122.002 €	1.042.241 €	1.264.367 €

Dado que as certificacións se realizan para xustificación de gastos polo convenio coa Xunta de Galicia, e que as datas obrigan a realizalas cando aínda non se teñen recibido todas as facturas vinculadas á prestación, e non todas as obrigas están recoñecidas nesas datas, o servizo no seu conxunto ten uns custes algo maiores.

Coa información facilitada polo concello, e en particular a partir das 1693 facturas tramitadas en relación ao servizo para catro anos (2015-2018), así coma estimando, a partir das certificacións e da información facilitada polo concello, o custo do persoal para o mesmo período de prestación do servizo, chegamos ao cadro nº2, que representa a estrutura de gastos actual:

Cadro nº2.- Estrutura de gastos da prestación

ESTRUTURA DE GASTOS	2015	2016	2017	2018
1.- GASTOS PERSOAL	non disp.	393.380 €	416.159 €	474.513 €
2.- GASTOS ELABORACIÓN MENÚS	233.000 €	219.461 €	276.915 €	268.056 €
3.- GASTOS CORRENTES	51.463 €	68.169 €	59.412 €	74.291 €
4.- GASTOS VIXIANZA	599.816 €	560.853 €	596.156 €	652.937 €
<i>Total</i>		1.241.863 €	1.348.641 €	1.469.796 €

Con base nesta información, podemos observar a distribución da estrutura de gasto, que é basicamente de persoal propio (32%) e de persoas en funcións de vixianza (44%). A compra de alimentos representa un 18% e os outros gastos correntes (transporte, mantemento...) supón un 5%.

Por outra banda, queremos indicar tamén a evolución no gasto total da prestación, que aumenta un 8,6% entre 2016 e 2017 e un 8,98% entre 2017 e 2018, o que fai un aumento agregado en dous anos do 18,35%.

Dada a natureza dos gastos analizados (persoal, alimentación, gastos correntes e monitoras), o cálculo non inclúe a existencia doutros custos indirectos que se poidan producir vinculados ao servizo, fundamentalmente de xestión municipal.

A seguir presentamos a estimación do número de prestacións. Traballamos cos datos de 2018. Os días lectivos, con servizo de comedor, foron os seguintes (cadro nº3).

Cadro nº3.- Días con prestación do servizo en 2018

DIAS LECTIVOS	2018
MES	
XANEIRO	18
FEBREIRO	17
MARZO	17
ABRIL	20
MAYO	19
JUNIO	15
JULIO	
AGOSTO	
SETEMBRO	13
OUTUBRO	22
NOVEMBRO	21
DECEMBRO	13
<i>Total</i>	175


Traballando coa información individual de todos os abonos mensuais durante tres meses, de xaneiro a marzo, calculamos que o número de comidas medio diario contratado foi de 1117. Para os 175 días de prestación, isto dá un número total de 195.509 xantares.

Asignando agora a estrutura de gastos ao número de comidas contratado, temos a seguinte estimación (cadro nº4).

Cadro nº4.- Estimación de gastos por comida contratada para 2018

ESTRUTURA DE GASTOS	2018	por día lectivo	por comida
1.- GASTOS PERSOAL	474.513 €	2.712 €	2,43 €
2.- GASTOS ELABORACIÓN MENÚS	268.056 €	1.532 €	1,37 €
3.- GASTOS CORRENTES	74.291 €	425 €	0,38 €
4.- GASTOS VIXIANZA	652.937 €	3.731 €	3,34 €
<i>Total</i>	1.469.796 €	8.399 €	7,52 €

Grafico nº1.- Estrutura de gastos para 2018



## 2.2. Estimación de Ingresos.-

Para o financiamento do servizo, as fontes son tres: o propio Concello de Ames, as familias dos escolares e, en moita menor medida, un convenio coa Xunta de Galicia.

Por comezar co Convenio coa Xunta de Galicia, aplícase para este período un convenio de dous cursos (2017-2018 e 2018-2019), cos valores que recolle o cadro nº5. Para 2018, entre os dous cursos, o importe total é de 107.245 €.

## Cadro nº5.- convenio coa Xunta de Galicia

CONVENIO XUNTA DE GALICIA		cursos 2017/2018 e 2018/2019	
<b>IMPORTES</b>			
Ano 2017:			33.740,00 €
Ano 2018:			107.245,00 €
Ano 2019:			73.505,00 €
Importe total:			214.490,00 €

No que toca, en segundo lugar ás familias, realizamos unha estimación dos ingresos de 2018 a partir dos datos efectivos de pagamento dos meses de xaneiro e febreiro de cada familia. Dado que xaneiro é un mes de 18 días de comedor e febreiro un mes de 17 días, a súa media correspóndese cos 17,5 días, que é a media de prestación para s 175 días nos dez meses.

A distribución de ingresos por cada cativo/a e mes está desagregada no cadro nº6.

## Cadro nº6.- Estrutura de ingreso por neno/a e mes

XANEIRO			FEBREIRO		
pagan	persoas	total	pagan	persoas	total
- €	51	- €	- €	55	- €
10,00 €	2	20,00 €	10,00 €	3	30,00 €
16,00 €	1	16,00 €	16,00 €	1	16,00 €
18,00 €	2	36,00 €	18,00 €	0	- €
19,20 €	3	57,60 €	19,20 €	3	57,60 €
20,00 €	10	200,00 €	20,00 €	10	200,00 €
21,00 €	5	105,00 €	21,00 €	5	105,00 €
24,00 €	8	192,00 €	24,00 €	10	240,00 €
28,00 €	13	364,00 €	28,00 €	16	448,00 €
32,00 €	6	192,00 €	32,00 €	6	192,00 €
35,00 €	98	3.430,00 €	35,00 €	97	3.395,00 €
37,50 €	2	75,00 €	37,50 €	2	75,00 €
38,40 €	1	38,40 €	38,40 €	1	38,40 €
40,00 €	5	200,00 €	40,00 €	3	120,00 €
42,00 €	7	294,00 €	42,00 €	6	252,00 €
48,00 €	8	384,00 €	48,00 €	7	336,00 €
51,20 €	1	51,20 €	51,20 €	1	51,20 €
52,00 €	4	208,00 €	52,00 €	3	156,00 €
55,00 €	6	330,00 €	55,00 €	4	220,00 €
56,00 €	38	2.128,00 €	56,00 €	37	2.072,00 €
57,60 €	4	230,40 €	57,60 €	4	230,40 €
60,00 €	36	2.160,00 €	60,00 €	36	2.160,00 €
64,00 €	4	256,00 €	64,00 €	5	320,00 €

65,00 €	6	390,00 €	65,00 €	6	390,00 €
68,00 €	31	2.108,00 €	68,00 €	31	2.108,00 €
70,00 €	184	12.880,00 €	70,00 €	176	12.320,00 €
72,00 €	4	288,00 €	72,00 €	4	288,00 €
75,00 €	154	11.550,00 €	75,00 €	154	11.550,00 €
76,00 €	2	152,00 €	76,00 €	2	152,00 €
80,00 €	21	1.680,00 €	80,00 €	21	1.680,00 €
85,00 €	208	17.680,00 €	85,00 €	208	17.680,00 €
88,00 €	12	1.056,00 €	88,00 €	12	1.056,00 €
95,00 €	1	95,00 €	95,00 €	1	95,00 €
100,00 €	139	13.900,00 €	100,00 €	137	13.700,00 €
110,00 €	115	12.650,00 €	110,00 €	117	12.870,00 €
<i>Total</i>	1192	85.396,60 €	<i>Total</i>	1184	84.603,60 €
prezo medio		71,64 €			71,46 €

Co valor medio de ambos meses, calculamos un ingreso das familias para o total do ano 2018 de 850.000 €.

A partir dos dous valores anteriores, podemos realizar unha estimación da estrutura de ingresos e gastos para o ano 2018, que sería a seguinte (Cadro nº7):

Cadro nº7.- Estructura estimada de ingresos e gastos da prestación para 2018


ESTRUTURA DE GASTOS	2018	por día lectivo	por comida
1.- GASTOS PERSOAL	474.513 €	2.712 €	2,43 €
2.- GASTOS ELABORACIÓN MENÚS	268.056 €	1.532 €	1,37 €
3.- GASTOS CORRENTES	74.291 €	425 €	0,38 €
4.- GASTOS VIXIANZA	652.937 €	3.731 €	3,34 €
<i>Total</i>	1.469.796 €	8.399 €	7,52 €

Número de días e de comidas, respectivamente 175      195509

ESTRUTURA DE INGRESOS	2018	por día lectivo	por comida
1.- CONCELLO DE AMES	512.550 €	2.929 €	2,62 €
2.- FAMILIAS	850.001 €	4.857 €	4,35 €
3.- XUNTA DE GALICIA	107.245 €	613 €	0,55 €
<i>Total</i>	1.469.796 €	8.399 €	7,52 €



Gráfico nº2.- Estrutura de ingresos 2018



### 2.3. Estimación de ingresos e gastos para 2020

A partir de toda a información dos anteriores exercicios, e incorporando as modificacións previstas de gastos e ingresos, pasamos a estimar o modelo económico financeiro da prestación do servizo para o ano 2020.

Os principais cambios previstos son os seguintes:

#### 2.3.1. Modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT)

O Concello de Ames ten modificado a RPT no que toca a este servizo. O custo previsto do persoal coa nova RPT, unha vez que se cubra a praza de técnico/a é a seguinte:

Cadro nº8.- Custes salariais do persoal de comedores escolares

CONCEPTO	PERSOAS
PERSOAL SERVIZOS XERAIS (PSX) TEMPO COMPLETO (85,74%)	16
PERSOAL SERVIZOS XERAIS (PSX) TEMPO PARCIAL (40,80%)	4
AUXILIAR ADMINISTRATIVO XORNADA COMPLETA	3
PERSOAL DE COCIÑA	2
TÉCNICO EDUCACIÓN	1
NUTRICIONISTA	1
Custo bruto total estimado (Seguridade Social incluída)	584.827,86 €

É de agardar que esta estrutura de custes sexa a correspondente a curso 2019-2020, e ano orzamento correspondente ao exercicio 2020, acompañada da actualización salarial que proceda, que estimamos para o conxunto do gasto nun aumento do 1,8%.

### **2.3.2. Licitación do novo comedor do CEIP de A Maía**

A construción do novo comedor do CEIP de A Maía vai supoñer unha mellora importante en relación á prestación, e a facilitar o aumento previsto no número de prazas, que se comentará a seguir.

Esta obra ten un orzamento base de licitación de 375,686.63 €, e un valor estimado do contrato de 413,255.29 €. A falta de coñecer unha posible baixa, tomaremos o valor estimado do contrato e unha amortización da instalación a 20 anos coma referencia para o cálculo dos custos da prestación.

### **2.3.3. Modificación do convenio coa Xunta de Galicia**

Outro dos cambios no modelo futuro, desta volta por parte dos ingresos, é o novo convenio de cofinanciamento coa Xunta de Galicia, para os vindeiros dous cursos, por un importe total de 249.200 €.

### **2.3.4. Modificación do número de nenos e nenas no uso dos comedores escolares**

Como se verá no apartado número 3 deste informe, o número de nacementos das familias actualmente residentes no Concello de Ames tende a reducirse, e a partir de dentro de tres cursos a demanda de comedores derivada desta causa tenderá a baixar.

Agora ben, a demanda derivada da mobilidade nos residentes, por chegada de novas familias e por cambios xeracionais, así coma por cambios sociais e de estrutura familiar e laboral, continuarán aumentando a demanda do servizo para cada vez unha maior proporción dos cativos e cativas.

Ese aumento da demanda vai ser atendido cun aumento no número de prazas dispoñibles, que pasará a ser de 1.400 prazas para o curso 2019-2020, e que será a referencia a utilizar nas previsións, fronte ás 1.254 matrículas do curso 2018-2019.

O cambio no número de usuarios/as afecta tanto á previsión de gastos coma a previsión de ingresos.

No que toca á previsión de gastos, precisamos modificar a estimación. Entendemos que o cadro de persoal do concello non se ve afectado (alén da modificación da RPT descrita no apartado 2.3.1), mais outros gastos si. En concreto:

- Os gastos en alimentos vense afectados cun aumento proporcional ao aumento dos nenos e nenas que pasan a utilizar o servizo.
- Os gastos correntes vense afectados nunha proporción inferior, que estimamos no 40%. Isto está motivada pola natureza das facturas que compoñen os gastos correntes (reparacións, transportes...).
- Os gastos en vixianza vense afectados cun aumento proporcional ao aumento dos nenos e nenas. Isto implica que, nas nosas estimacións, non modificamos a relación entre o número de persoas que se ocupan da vixianza e o número de cativos e cativas.

Por outra banda, e pola parte dos ingresos, o aumento de demandantes do servizo modifica o convenio coa Xunta de Galicia (apartado 2.3.3.), mais tamén a previsión dos ingresos procedentes das familias. Neste caso, estimamos que o aumento se produce proporcionalmente ao aumento no número das prazas ofertadas.

## 2.3.5. Estimación para 2020 de ingresos e gastos da prestación

Con base en todos os cambios previstos, e partindo dos datos actuais, realizamos unha estimación do reparto de ingresos e gastos previsto para o ano 2020, que se recolle no cadro nº9:

Cadro nº9.- Estrutura estimada de ingresos e gastos da prestación para 2020

ESTRUTURA DE GASTOS	2020	por día lectivo	por comida
1.- GASTOS PERSOAL	595.355 €	3.402 €	2,73 €
2.- GASTOS ELABORACIÓN MENÚS	306.490 €	1.751 €	1,40 €
3.- GASTOS CORRENTES	76.413 €	437 €	0,35 €
4.- GASTOS VIXIANZA	755.435 €	4.317 €	3,46 €
5.- AMORTIZACIÓN COCIÑA	20.663 €	118 €	0,09 €
<i>Total</i>	1.754.355 €	10.025 €	8,04 €

Días de servizo e comidas previstas anualmente

175

218271

ESTRUTURA DE INGRESOS	2020	por día lectivo	por comida
1.- CONCELLO DE AMES	663.991 €	3.794 €	3,04 €
2.- FAMILIAS	965.764 €	5.519 €	4,42 €
3.- XUNTA DE GALICIA	124.600 €	712 €	0,57 €
<i>Total</i>	1.754.355 €	10.025 €	8,04 €

Gráfico nº3.- Estrutura de gastos estimada para 2020





Gráfico nº4.- Estrutura de ingresos estimada 2020



### 3.- PROXECCIÓN DA DEMANDA

A demanda do servizo ven marcada por un conxunto de factores, dos que salientamos catro: a demografía no Concello, as taxas de emprego, os cambios sociais e a inmigración.

#### 3.1. A demografía

A demografía no concello, que sería o factor máis predicible, apunta a un máximo de cativos/s na idade escolar nun prazo dos dous anos, para un descenso posterior.

A partir da información dispoñible no Instituto Galego de Estatística sobre a poboación do concello, realizamos a estimación da evolución futura da natalidade e da pirámide demográfica para os menores de 15 anos.

O cadro nº 10 recolle a evolución no concello do número de nacementos. Pódese apreciar a diminución pos últimos anos.

Cadro nº10 natalidade no Concello de Ames

Ano	Nacementos	Diferenza a 5a
2000	237	
2001	277	
2002	258	
2003	308	
2004	302	
2005	347	
2006	322	
2007	345	
2008	425	
2009	373	
2010	381	
2011	395	
2012	352	
2013	317	-108
2014	347	-26
2015	337	-44
2016	343	-52
2017	296	-56

Con base nesta evolución, que está fundamentada no avance na idade media da poboación do concello, realizamos unha estimación na poboación de 0 a 15 anos para os vindeiros anos, que se recollo no cadro nº11.

Cadro nº11.- Evolución do número de menores (de 0 a 15 anos)

Estimación de poboación en Ames (0-15)					
0-4		5-9		10-14	
1998	889	1998	780	1998	857
1999	969	1999	861	1999	927
2000	1081	2000	927	2000	974
2001	1171	2001	1020	2001	988
2002	1275	2002	1094	2002	993
2003	1328	2003	1198	2003	1033
2004	1364	2004	1258	2004	1068
2005	1492	2005	1311	2005	1154
2006	1548	2006	1388	2006	1219
2007	1657	2007	1487	2007	1253
2008	1719	2008	1513	2008	1333
2009	1863	2009	1603	2009	1412
2010	1947	2010	1686	2010	1445
2011	1972	2011	1787	2011	1513
2012	2004	2012	1778	2012	1581
2013	1986	2013	1819	2013	1581
2014	1878	2014	1914	2014	1630
2015	1856	2015	1945	2015	1663
2016	1796	2016	1974	2016	1730
2017	1774	2017	2020	2017	1769
2018	1726	2018	1989	2018	1825
2019	1674	2019	1892	2019	1902
2020	1622	2020	1870	2020	1933
2021	1570	2021	1809	2021	1962
2022	1518	2022	1787	2022	2008
2023	1466	2023	1739	2023	1977

Como se pode apreciar, estamos neste momento nos máximos da poboación menor de 15 anos. Nos dous vindeiros anos o conxunto mantense porque aumenta o número dos nenos/as entre 10 e 15, pero a tendencia será descendente nos seguintes anos.

## 3.2. As taxas de emprego

O acceso ao traballo é outro factor relevante para predicir a demanda da prestación de comedores escolares.

Unha situación na que as taxas de desemprego son elevadas, limita os ingresos familiares. Por outra banda, o pai ou a nai están na casa e teñen máis posibilidades de preparar o almorzo.

A crise económica, como é evidente, disparou o desemprego, e polo tanto a redución de ingresos de moitas familias de Ames. Pola contra, a saída da crise está a reducir o número de persoas en situación de desemprego.

O cadro nº 12 recolle a evolución das persoas desempregadas en Ames, entre o ano 2005 e o intre actual (xullo 2019).

Cadro nº 12 Evolución do desemprego no Concello de Ames

Paro rexistrado en Ames			
	Total	Homes	Mulleres
2005	1406	510	896
2006	1458	510	948
2007	1455	496	959
2008	1629	646	984
2009	2086	912	1174
2010	2349	1041	1308
2011	2650	1197	1453
2012	2946	1401	1546
2013	2979	1422	1557
2014	2666	1226	1439
2015	2491	1083	1408
2016	2245	977	1268
2017	2038	840	1198
2018	1884	746	1138
2019/Xaneiro	1913	799	1114
2019/Febreiro	1888	759	1129
2019/Marzo	1850	755	1095
2019/Abril	1807	721	1086
2019/Maio	1737	674	1063
2019/Xuño	1716	678	1038

Como se pode apreciar, os datos de desemprego descenden de modo permanente dende o ano 2015, agardándose, a falta de máis información ou de cambio de tendencia, niveis similares de desemprego aos que se deran no ano 2008, considerado o ano de comezo da crise económica.

A redución no desemprego, por tanto, ten unha consecuencia sobre a demanda do servizo de comedor: maiores ingresos familiares e maiores taxas de ocupación, implican unha maior propensión a solicitar o servizo, por ter máis medios para pagalo e ter menos tempo para cociñar na casa.

### **3.3. Os cambios sociais**

Vivimos unha longa etapa de transformación de hábitos sociais. Dentro destes cambios, están un conxunto deles que teñen efectos relevantes sobre a demanda do servizo: a maior incorporación da muller ao mercado laboral, o aumento de fogares monoparentais e a redución dos lazos familiares extensos, entre outros, son factores que aumentan a demanda. Pola contra, a redución no número de fillos por nai ou matrimonio, son factores que reducen a demanda en relación á poboación adulta.

Para a poboación de Ames, consideramos que todos estes factores xogan un papel, se ben o efecto final da suma de factores é incerto. Consideramos que a tendencia, xa indicada no punto 3.1., será a dun menor número de nenos en idade de solicitar o servizo, aínda que a porcentaxe deles para a que os pais solicitarán a prestación será maior.

### **3.4. Evolución da poboación por inmigración**


A evolución da poboación por cambio de residencia ao Concello de Ames é moi relevante, e non se pode explicar a composición actual do concello sen comprender este fenómeno.

A existencia dun traballo anterior, en poder do concello e realizado polo grupo de investigación ANTE da USC, fai innecesaria a achega de información estatística sobre este fenómeno. O estudo documenta a capacidade de atracción de poboación inmigrante ao concello, así coma o efecto negativo da crise.

Tan só consideramos necesario indicar que é moi previsible que o concello continúe coa capacidade de atracción de poboación, singularmente de poboación en idade de ter fillos e fillas que demanden a prestación do servizo de comedores.



Gráfico nº5.- Evolución do saldo migratorio en Ames (2001-2016)



Fonte: Lois González et al. (2018)<sup>1</sup>

### 3.5. Conclusión sobre a evolución da demanda

Na situación actual, todo apunta a que o conxunto de factores que inciden sobre a demanda tenderán a manter esta elevada. O descenso da demanda, derivado do menor número de nacementos por causas demográficas, está chamado a ser compensado polo conxunto de factores enumerado nos apartados anteriores, nos que a demanda será dunha porcentaxe maior de nenos e nenas para un menor número total destes no concello.

<sup>1</sup> Lois González, R.C., Piñeira Mantiñán, M.C., López Rodríguez, R. (2018) Estudo analítico do perfil socioeconómico e laboral das familias usuarias dos comedores escolares municipais de Ames, Concello de Ames

## **4.- PROYECCIÓN DE INGRESOS E GASTOS. PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO**

### **4.1. Estimación dos gastos**

A partir da información da situación actual, e das expectativas de evolución dos salarios e dos prezos, realizamos unha estimación do que podería ser o custo do servizo nos vindeiros dez anos.

Partimos da consideración de que non se realizan novos investimentos, agás a licitación da nova cociña do CEIP de A Maía, actualmente en curso.

No que toca ao resto de gastos, asumimos que se mantén a capacidade de oferta prevista para o vindeiro curso, de 1400 prazas.

Partimos tamén de supostos sobre a evolución dos prezos, sendo conscientes de que non é posible prever con certeza cal vai ser esta.

Con base na evolución dos últimos anos, e nos obxectivos de inflación do Banco Central Europeo (inflación nun máximo do 2% anual), supoñemos unha taxa media de inflación para os gastos en alimentos e os gastos correntes do 1,2% anual para o conxunto dos gastos.

No caso específico dos gastos de persoal e dos gastos de vixianza, que son basicamente custes laborais, estimamos un aumento anual destes do 1,8%.

Os fundamentos para estimar un maior aumento dos gastos de persoal sobre o conxunto dos gastos, está baseado na evolución dos custes salariais en etapas de non recesión, así coma na antigüidade media no servizo, tanto nos gastos de persoal coma nos de vixianza, que facilita os aumentos derivados dunha maior antigüidade media das persoas traballando na prestación.

Temos, daquela, unha evolución prevista do gasto con dúas taxas anuais, unha derivada dos gastos xenéricos e outra derivada dos gastos de persoal.

Nestas condicións, a previsión de evolución dos gastos para os vindeiros dez anos sería a presentada no cadro nº13.

En consecuencia, baixo as condicións previstas, o gastos aumentaría anualmente nun valor media do 1,65%.


Cadro nº13.- Proxección de gastos a 10 anos

ESTRUTURA DE GASTOS	2020	2021	2022	2023	2024
1.- GASTOS PERSOAL	595.355 €	606.071 €	616.980 €	628.086 €	639.392 €
2.- GASTOS ELABORACIÓN MENÚS	306.490 €	310.168 €	313.890 €	317.657 €	321.469 €
3.- GASTOS CORRENTES	76.413 €	77.330 €	78.258 €	79.197 €	80.147 €
4.- GASTOS VIXIANZA	755.435 €	769.033 €	782.875 €	796.967 €	811.313 €
5.- AMORTIZACIÓN COCIÑA	20.663 €	20.663 €	20.663 €	20.663 €	20.663 €
<i>Total</i>	<i>1.754.355</i>	<i>1.783.265</i>	<i>1.812.666</i>	<i>1.842.570</i>	<i>1.872.983</i>

ESTRUTURA DE GASTOS	2025	2026	2027	2028	2029
1.- GASTOS PERSOAL	650.901 €	662.617 €	674.544 €	686.686 €	699.046 €
2.- GASTOS ELABORACIÓN MENÚS	325.326 €	329.230 €	333.181 €	337.179 €	341.225 €
3.- GASTOS CORRENTES	81.109 €	82.082 €	83.067 €	84.064 €	85.073 €
4.- GASTOS VIXIANZA	825.916 €	840.783 €	855.917 €	871.323 €	887.007 €
5.- AMORTIZACIÓN COCIÑA	20.663 €	20.663 €	20.663 €	20.663 €	20.663 €
<i>Total</i>	<i>1.903.915</i>	<i>1.935.375</i>	<i>1.967.372</i>	<i>1.999.915</i>	<i>2.033.014</i>

Gráfico nº6.- Evolución estimada de gastos (2020-2029)



## 4.2. Estimación dos ingresos

Para a proxección dos ingresos debemos determinar, pola súa banda, a proporción que se estime que deberán pagar as familias, así como coñecer se é posible o mantemento e mellora do convenio actual coa Xunta de Galicia. Estas dúas fontes de ingreso, xunto coa achega do Concello de Ames, son as tres vías de ingreso do plan económico financeiro da prestación do servizo.

### 4.2.1. Estimación de ingresos repercutindo sobre o Concello de Ames

Nunha primeira hipótese, imos supoñer que as familias aumentan a súa participación nun 1,2% anual, equivalente á taxa media de actualización de prezos que empregamos como actualización do IPC. No convenio coa Xunta de Galicia, aplicaríamos o mesmo índice de actualización, asumido que o importe do convenio 2019-2020 mantense sen incremento para o curso 2020-2021.

Este primeiro escenario, que podemos definir coma “inercia”, recóllese no cadro nº14.

Cadro nº14.- Estimación de ingresos a 10 anos con aumentos adicionais sobre o Concello de Ames

ESTRUTURA DE INGRESOS	2020	2021	2022	2023	2024
1.- CONCELLO DE AMES	663.991 €	681.311 €	695.976 €	712.479 €	729.331 €
2.- FAMILIAS	965.764 €	977.354 €	989.082 €	1.000.951 €	1.012.962 €
3.- XUNTA DE GALICIA	124.600 €	124.600 €	127.608 €	129.140 €	130.689 €
<i>Total</i>	1.754.355	1.783.265	1.812.666	1.842.570	1.872.983


  

ESTRUTURA DE INGRESOS	2025	2026	2027	2028	2029
1.- CONCELLO DE AMES	746.539 €	764.111 €	782.053 €	800.372 €	819.077 €
2.- FAMILIAS	1.025.118 €	1.037.419 €	1.049.868 €	1.062.467 €	1.075.216 €
3.- XUNTA DE GALICIA	132.258 €	133.845 €	135.451 €	137.076 €	138.721 €
<i>Total</i>	1.903.915	1.935.375	1.967.372	1.999.915	2.033.014

Para esta situación, a previsión de aumento dos gastos de persoal e de vixianza, que é maior do que a previsión do IPC, repercute eses aumentos no orzamento do Concello de Ames, o que

provoca aumentos superiores ao IPC na achega municipal, de entre o 2,61% ao 2,34%, anual, para unha previsión de IPC do 1,2% e de aumento dos custos salariais do 1,8%.

Gráfico nº7.- Primeira estimación da evolución dos ingresos




#### 4.2.2. Estimación de ingresos a custe estable (IPC) para o Concello de Ames

Este segundo suposto implica que o custo estimado para o concello teña un aumento anual equivalente ao IPC. Neste caso, a contribución da Xunta de Galicia sería a mesma ca no caso anterior, e a diferenza por custos laborais sería asumida polo conxunto das familias.

Con base no anterior, a previsión a 10 anos sería a seguinte:

Gráfico nº8.- Estimación de evolución dos ingresos a custe estable (IPC) para o concello



Cadro nº15. Estimación de ingresos a 10 anos con aumento IPC para o concello

ESTRUTURA DE INGRESOS	2020	2021	2022	2023	2024
1.- CONCELLO DE AMES	663.991 €	671.959 €	680.022 €	688.183 €	696.441 €
2.- FAMILIAS	965.764 €	986.706 €	1.005.036 €	1.025.247 €	1.045.853 €
3.- XUNTA DE GALICIA	124.600 €	124.600 €	127.608 €	129.140 €	130.689 €
<i>Total</i>	1.754.355	1.783.265	1.812.666	1.842.570	1.872.983

ESTRUTURA DE INGRESOS	2025	2026	2027	2028	2029
1.- CONCELLO DE AMES	704.798 €	713.256 €	721.815 €	730.477 €	739.242 €
2.- FAMILIAS	1.066.859 €	1.088.274 €	1.110.106 €	1.132.362 €	1.155.051 €
3.- XUNTA DE GALICIA	132.258 €	133.845 €	135.451 €	137.076 €	138.721 €
<i>Total</i>	1.903.915	1.935.375	1.967.372	1.999.915	2.033.014

Neste segundo suposto, os aumentos superiores ao IPC repercuten sobre o conxunto das familias, por importes anuais entre o 2,16% e o 2%.

#### **4.2.3. Estimación de ingresos con custes adicionais sobre as familias con rendas superiores ao 150% do IPREM**

Este terceiro modelo traballa sobre a hipótese de que o Concello de Ames e o convenio coa Xunta de Galicia aumentan á mesma taxa que a estimación da inflación (1,2% anual). Como calculamos un aumento dos custes laborais algo superior (1,8% anual), repercutimos, coma no suposto anterior, o aumento sobre as familias, pero en vez de repercutir sobre todas elas a diferenza, mantemos ás familias cunha renda inferior ao 150% do IPREM cun aumento anual do 1,2% e aumentamos o importe da prestación ás familias con renda superior ao 150% do IPREM ata equilibrar a relación entre ingresos e gastos.

Para realizar este cálculo, tomamos o número de cativos que reciben a prestación todos os días da semana ou catro días á semana, e aos que se lles aplica as tarifas de prezos maiores, correspondentes ao tramo entre 150% e 200% do IPREM e ao tramo maior do 200% do IPREM. No derradeiro curso, os cálculos realizados indican que son 254, isto é, veñen sendo o 21,4% dos cativos, con pequenas variacións mensuais das que este é o valor medio estimado. Hai tamén algúns casos de miúdos que comen nos colexios de un a tres días por semana, mais

o seu número é baixo. En termos de ingreso total, ese 21,4% representa actualmente o 31,2% do total, tamén con lixeiras variacións para cada mes.

Supoñendo unha distribución das rendas familiares similar á actual, e aplicado esa distribución sobre a base de 1400 nenos e nenas na prestación, sería preciso modificar as táboas de prezos vixentes.

O grupo 1, as rendas inferiores ao 150% do IPREM, ou que realizan un máximo de tres comidas semana, aumentarían anualmente na mesma variación do que o IPC, estimada para este suposto no 1,2% anual. Sería o suposto estimado para as familias de 1100 nenos e nenas.

O grupo 2, as rendas superiores ao 150% do IPREM, con catro ou cinco comidas por semana, terían que ir aumentando de modo maior. Sería o suposto para 300 nenos e nenas.

A evolución do total de ingreso familiar, separado entre ambos conxuntos de familias, sería a presentada no cadro nº15.

Cadro nº16.- Evolución da distribución dos ingresos entre grupos de familias a 10 anos

ESTRUTURA DE INGRESOS	2020	2021	2022	2023	2024
GRUPO 1	664.446 €	672.419 €	680.488 €	688.654 €	696.918 €
GRUPO 2	301.319 €	314.286 €	324.547 €	336.593 €	348.935 €
<i>Total por familias</i>	965.764	986.706	1.005.036	1.025.247	1.045.853

ESTRUTURA DE INGRESOS	2025	2026	2027	2028	2029
GRUPO 1	705.281 €	713.744 €	722.309 €	730.977 €	739.749 €
GRUPO 2	361.578 €	374.530 €	387.797 €	401.385 €	415.302 €
<i>Total por familias</i>	1.066.859	1.088.274	1.110.106	1.132.362	1.155.051

Con base nesta simulación, en 10 anos, as familias do segundo grupo pasarían a representar o 35,96% dos ingresos totais, fronte ao 31,2% actual.

Isto supón, aplicado aos prezos, aumentos anuais que comezan nun 4,3%, no 2021 e rematan, para 2029, nun 3,46%. Son, daquela, aumentos aplicados aos 9 anos entre 2021 e 2029.

Este efecto de evolución anual dos prezos, baixo os supostos anteriores, sería o presentado no cadro nº 17.

Neste terceiro suposto, os incrementos do prezo durante 9 anos supoñerían un aumento acumulado do 37,83%, mantendo o resto das fontes de ingreso no valor equivalente ao IPC.


Cadro nº17. Variación de prezos públicos do servizo para rendas superiores ao 150% do IPREM a 10 anos

Prezos por mes	2020	2021	2022	2023	2024
renda > 150% IPREM <200%	100,00 €	104,30 €	107,71 €	111,71 €	115,80 €
renda > 200% IPREM	110,00 €	114,73 €	118,48 €	122,88 €	127,38 €

	2025	2026	2027	2028	2029
renda > 150% IPREM <200%	120,00 €	124,30 €	128,70 €	133,21 €	137,83 €
renda > 200% IPREM	132,00 €	136,73 €	141,57 €	146,53 €	151,61 €

Gráfico nº9.- Variación de prezos públicos





## **5.- CONSIDERACIÓNS PARA A SUBCONTRATACIÓN DE PARTES DO SERVIZO**

A aprobación da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, implicou un cambio na modalidade de contratación das administracións públicas. Singularmente, a modificación dos importes dos contratos menores e negociados, implica a necesidade de levar a concurso público, a efectos prácticos, de todos os contratos de carácter recorrente.

Caben dúas posibilidades, neste sentido. A primeira é a saída a concurso dun contrato polo seu importe global, para unha adxudicación única. A segunda, a contratación por lotes, desagregando o total en diferentes lotes ou partes, que poden ser adxudicadas de modo individual.

O Concello de Ames xa realiza actualmente unha parte relevante da contratación, na prestación do servizo de comedores, por concurso público. É o caso do contrato de vixianza, que é o de maior importe. Tamén xestiona directamente outra parte da prestación, con persoal propio.

En consecuencia, os contratos que non teñen saído ata o momento ao concurso son contratos menores, a unha enorme e diversa cantidade de empresas, con diferentes conceptos e de importes reducidos.

Para poder avaliar as posibilidades de contratación por concurso público e as posibilidades de oferta polo sistema de lotes, realizamos un estudo detallado de todas e cada unha das facturas vinculadas á prestación do servizo durante os últimos catro anos (2015-2018).

Foron procesadas individualmente 1693 facturas. Cada unha delas foi desagregada por conceptos, creando unha base de datos con máis de seis mil rexistros individualizados de compras, con indicación do produto ou servizo e as cantidades. Esta base de datos entrégase ao Concello de Ames como ficheiro anexo a este documento.

O cadro nº18 presenta a un resumo da distribución por produtos destas facturas. Catro grupos de alimentos (carne, froita, peixe e verduras) supoñen os maiores importes da contratación realizada.

A partir de aquí é posible codificar os elementos da base de datos e tomar a decisión política de modalidade de contratación e, se é o caso, de contratación por lotes.

Cadro nº18. Resumo da contratación por grupos de alimentos

Grupos	Custe (€)	Cantidade (kg)	% Diñeiro	% Peso
Aceite	9.520,57	3.846,13	4,05	2,78
Auga	6.026,04	40.356,00	2,56	29,18
Carne	53.400,62	10.144,28	22,70	7,33
Cereais	13.665,76	9.729,55	5,81	7,03
Froitas	30.309,74	19.404,87	12,89	14,03
Ovos	9.654,59	4.660,78	4,10	3,37
Lácteos	8.719,95	4.570,90	3,71	3,30
Legumes	2.741,28	1.712,00	1,17	1,24
Peixe	62.198,25	7.194,76	26,44	5,20
Verduras	36.579,50	35.175,64	15,55	25,43
Outros Alimentos	2.389,12	1.519,52	1,02	1,10
Total	235.205,43	138.314,42	100,00	100,00

## 6.- INFORME PRELIMINAR DO IMPACTO CLIMÁTICO DO CICLO DE VIDA DOS COMEDORES ESCOLARES EN AMES

### Obxectivos e Metodoloxía

O obxectivo principal da Circular inicial é dar os resultados globais do informe que avalía o impacto climático da produción, transporte, elaboración de alimentos e xestión de residuos dos comedores escolares de Ames. Para elo se utilizou a metodoloxía do análise de ciclo de vida desde un enfoque “dende a granxa ate o vertedoiro”. Os datos que se presentan son provisionais.


### Resultados preliminares

Na cadro nº18 recollese as estimación de gases efecto invernadoiro do análise de ciclo de vida da produción, empaquetado, transporte, elaboración e xestión dos residuos dos comedores escolares de Ames. Como se pode observar en dita táboa as emisións total estimáronse aproximadamente en 292 t de CO<sub>2</sub> para un ano de servicio i en 1.49 kg de CO<sub>2</sub> por menú servido. O 72% do impacto ambiental concéntrase na fase de produción de alimentos, mentres que o transporte e o empaquetado/envases representaron o 10.8 e 7.1% do total. O resto de fases do ciclo de vida dos comedores escolares suman o 9.27% restante.

Cadro nº18. Emisións de gases efecto invernadoiro dos comedores escolares en Ames

Fases LCA	t CO <sub>2</sub>	kg CO <sub>2</sub> por menú
1. Produción de Alimentos	212.99	1.09
2. Envases/empaquetado	20.77	0.11
3. Transporte	31.15	0.16
4. Enerxía Colexios	11.17	0.06
5. Materiais Auxiliares	5.39	0.03
6. Xestión Residuos	10,50	0.05
<b>Total (1+...+6)</b>	<b>291.97</b>	<b>1.49</b>

Gráfico nº10. Peso relativo das fases do ciclo de vida dos comedores escolares en Ames



Ao desagregar a fase de produción en función dos alimentos, é posible observar como os produtos de orixe animal concentran as maiores emisións, aproximadamente un 80% das emisións de CO<sub>2</sub>; sendo a carne (35%) e o peixe (32%) os dous grupos de alimento con maior importancia. As verduras é o terceiro grupo de alimentos en importancia, acumulando o 8.7% das emisións. En termos de volume físico, destaca o consumo de auga embotellada (42%), seguido das verduras (35%), as froitas (19.4) e a carne (10%).

Gráfico nº19. Emisións de gases efecto invernadoiro por grupos de alimentos

Grupos	Cantidade (t)	t CO <sub>2</sub>	% GHG	kg CO <sub>2</sub> por Menú
Aceite	3.8	2.9	1.37	0.01
Auga e outros	41.9	0.1	0.05	0.00
Carne	10.1	75.5	35.43	0.39
Cereais	9.7	8.6	4.02	0.04
Froitas	19.4	5.5	2.57	0.03
Ovos	4.7	17.3	8.14	0.09
Lácteos	4.6	10.2	4.78	0.05
Legumes	1.7	5.6	2.61	0.03
Peixe	7.2	68.7	32.28	0.35
Verduras	35.2	18.6	8.75	0.10
<b>Total</b>	<b>138.3</b>	<b>213.0</b>	<b>100.0</b>	<b>1.09</b>

**Anexo en formato dixital**

Distribución do gasto por conceptos das facturas na prestación do servizo (2015-2018)